

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE AGOSTO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 30 de agosto de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 27 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, presidente suplente

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ignacio Oliveira López, xefe do Servizo de Museos (asiste aos puntos 2 e 6a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5, 6b, 6c, 6d, 7, 8, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica (MAPFRE ESPAÑA, S.A. e AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA) e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Aclara así mesmo, que a empresa AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA presentou, por problemas técnicos, a pegada dixital e o sobre electrónico polos medios alternativos recollidos na cláusula 14 do PCAP. Desde o Servizo de Contratación intentouse introducir esta documentación na aplicación de licitación electrónica e comprobouse que a pegada e o sobre non son coincidentes, o que conleva a imposibilidade de desencriptar o sobre electrónico que contén a oferta presentada polo citado licitador.

Tendo en conta o anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a a AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, debendo presentar a pegada dixital que se corresponda co sobre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

electrónico que contén a súa oferta que permita descriptar a súa oferta. Para os efectos de facilitarlle a presentación desta documentación indícaselle que o hash do sobre presentado é o seguinte: K7GNfLiSCWyjkzsvoncwQKaAAa/xp4T7CNQEySOW0J5xuhDtyQuS+YEabVxmE /FWAZlsgtKfUQwcseGkkkMZA==. Este hash debe coincidir co da pegada dixital.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical, a técnica media de Obras Públicas da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 27 de agosto de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

A Mesa, por unanimidade, acorda:

1. Aceptar o informe anterior e ordenar a súa publicación no perfil de contratante.
2. Excluír deste procedemento a OBRASCON HUARTE SAIN, S.A. (OHL) e á UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. por non acadar o umbral do 50% da puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor en cumprimento do previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“*Conforme ao disposto no artigo 146.3 da LCSP, establécese un umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor. As ofertas con calidade técnica inadecuada, que serán todas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor serán excluídas do proceso de licitación*”).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

Entrégase o informe asinado nas datas 26 e 27 de agosto de 2019 polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a enxeñeira industrial de Vías e Obras, enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

Entrégase o informe asinado nas datas 26 e 27 de agosto de 2019 polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a enxeñeira industrial de Vías e Obras, enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

Entrégase o informe asinado o 27 de agosto de 2019 polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a enxeñeira industrial de Vías e Obras, enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda de documentación.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo contrato	Increment. mantem. iluminación exterior (nº trim.)	Increment. mantem. túnel (nº trim.)	Increment. mantem. zonas verdes e fontes (nº trim.)	Increment. mantem. doutros equipos (nº trim.)
1	UTE FERROVIAL AGROMAN – ORECO S.A.U.	13.512.260,61	4	4	4	4
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	15.635.000,00	4	4	4	4
3	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	14.911.077,02	4	4	4	4
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	13.376.288,18	4	4	4	4



	Licitador	Prezo contrato	Increment. mantem. iluminación exterior (nº trim.)	Increment. mantem. túnel (nº trim.)	Increment. mantem. zonas verdes e fontes (nº trim.)	Increment. mantem. doutros equipos (nº trim.)
5	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	13.479.969,00	4	4	4	4
6	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. - FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	13.582.752,15	4	4	4	4
7	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS S.L. - ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A.	14.243.112,44	4	4	4	4
8	UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS S.A. - DRAGADOS S.A.	12.429.580,11	4	4	4	4

Asisten á apertura: D^a. Dori García Navarro, con DNI ****.*33.25***, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, D. Guillermo Guillamet Fernández, con DNI ****.*53.56***, en representación da UTE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. - FCC CONSTRUCCIÓN, S.A., D. José Luis Bocija Liñares, con DNI ****.*39.83***, en representación de ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A., D. Felipe Carrascosa, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L. e D. Enrique Martínez Seoane, con DNI ****.*98.58***, en representación de DRAGADOS S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.516.983,51
2	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	1.478.456,95
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	1.376.398,59
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.776.280,00
5	UTE OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. e ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA (ASAI)	1.478.456,95
6	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	1.530.875,06
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	1.386.030,23
8	COPCISA, S.A.	1.737.955,59
9	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.848.163,79



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
10	DRAGADOS, S.A.	1.357.876,19
11	UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP	1.403.070,83

Asisten á apertura: D^a. Dori García Navarro, con DNI ****.*33.25***, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, D. Felipe Carrascosa, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L., D^a. Marta Santos Fernández, con DNI ****.*14.30***, en representación de COPCISA, S.A. e D. Enrique Martínez Seoane, con DNI ****.*98.58***, en representación de DRAGADOS S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	45.930,12
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	45.057,93
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	44.583,59
4	SACYR CONSERVACIÓN, S.A.	47.179,75
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	38.860,81
6	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	41.824,21
7	NAROM, S.L.	40.911,21

Asiste á apertura: D^a. Dori García Navarro, con DNI ****.*33.25***, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto das obras de "Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 22 de agosto de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. por ter formulado unha oferta incursa en presunción de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionado

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de agosto de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do 12 de agosto, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. ACTÚA, SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 26 de agosto de 2019 a enxeñeira industrial de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *“non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda formular a seguinte proposta:

“Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de agosto de 2019, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación

- Sesión do 12 de xullo de 2019, por ter formulado ofertas con calidade técnica inadecuada ao ter acadado unha puntuación por debaixo do 50% da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor (motivo de exclusión recollido no apartado 7 do Anexo I -FEC- do PCAP):
 - LIMPIEZAS CÍES, S.L.
 - SAMYL S.L.
- Sesión do 12 de agosto de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan, polos motivos recollidos no informe do 6 de agosto de 2019 e de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - TEMPO FACILITY SERVICES
 - LIMPEZAS FARO S.L.
 - UTE OHL SERVICIOS INGESAR E INGESER ATLÁNTICA
 - MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Excluir a ACTÚA, SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE, S.L. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 26 de agosto de 2019”.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 27 de agosto de 2019 de valoración do sobre C “proposición avaliada mediante fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), previa exclusión do licitador incurso en baixa anormal polo órgano competente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	URBASER, S.A.	92,26
2	FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.	89,75
3	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.	82,42
4	SAMAIN SERVICIOS Á COMUNIDADE	43,47

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBASER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 13 de agosto de 2019, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 14 de agosto de 2019, que presenta a documentación requirida o 22 e 29 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 9 de agosto de 2019 e do acordo da Mesa de Contratación do 12 de agosto polo que se lle outorgou a máxima puntuación por tratarse do único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113) coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) O prezo total do contrato é de 151.250,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.250,00 euros.
- b) Propón un número de servizos de intermediación a maiores dos esixidos no apartado 3 do PPT de 5 servizos.
- c) Inclúe na oferta a implementación da opción avanzada do Cartafol Cidadá.
- d) Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido no punto 10 da FEC do PCAP en 2 anos (3 anos en total).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 13 de agosto de 2019, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	EULEN, S.A.	70,92



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Con data do 26 de agosto de 2019 a concelleira delegada de Contratación adoptou a seguinte resolución:

“1º.- Rectificar o primeiro punto da resolución de data 13 de agosto de 2019 de clasificación das ofertas presentadas e admitidas neste procedemento, no referido ao nome do licitador clasificado en terceiro lugar, que quedará redactado como segue:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	FLUGE GALICIA	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Notificar esta resolución a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para o seu coñecemento e publicala no perfil de contratante”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., o día 14 de agosto de 2019, que presenta a documentación requirida os días 14 e 20 de agosto de 2019, dentro do prazo concedido. Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de agosto de 2019, resultando correcta.

No entanto, comprobado de oficio que o licitador non estaba ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, a Mesa acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas co citado organismo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dentro do prazo concedido, o 28 de agosto de 2019, o licitador presentou a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o 28 de agosto de 2019, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xullo e 6 de agosto de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) por un prezo total de 208.783,08 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.235,08 euros euros e coas seguintes condicións:

a) Propón unha porcentaxe de desconto do 17,93% a aplicar aos prezos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I (FEC) do PCAP.

b) Propón o incremento da experiencia mínima esixida no apartado 16.B.1.a das FEC para o/a xefe/a de sala en servizos de traballos técnicos similares de 9 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:55	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA54B-E9BAB7-BAA885-J418RZ-ZZE29K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		